



# DOSSIER PROMOCIÓN DA IGUALDADE



[INFO@TOTEMGESTION.COM](mailto:INFO@TOTEMGESTION.COM)

# OBRADOIROS

A práctica de valores como a igualdade en todas as súas vertentes é unha acción imprescindible para convivir na sociedade na que vivimos e aínda hoxe é necesario reflexionar sobre se estamos a facer o suficiente como cidadáns.

Deste xeito, ofrecemos aos máis pequenos e pequenas unha serie de obradoiros que versan sobre a necesidade de eliminar prexuízos e estereotipos.

## OBRADOIRO DE CUSTOMIZACIÓN DE PRENDAS



Co desenvolvemento deste obradoiro, os nenos e nenas coa guía dun monitor ou monitora poderanse converter en costureiras e xastres creando un deseño de moda propio tendo en conta materiais como botóns, anacos de tea de distintas texturas, lazos...

Un pouco de creatividade no deseño e un pouco de ollo nas enebbras e nas cosidas e xa teremos unhas maravillosas camisetas!

## OBRADOIRO DE COCIÑA

Con obradoiros gastronómicos coma estes, a cativada, coas pautas dun monitor ou monitora, poderá introducirse no mundo da cociña elaborando receitas creativas con produtos de tempada.

Entrantes, pratos principais, postres...

Unha gran variedade de receitas agardan por ti!



## OBRADOIRO SOBRE AS MULLERES DAS NOSAS VIDAS

Se paramos un intre a pensar, seguro que nos veñen á cabeza mulleres das que pdoer estar orgullosos e orgullosas.

Por iso, neste obradoiro, os nenos e nenas terán que pensar en mulleres que sexan importantes e que queiran homenaxear. Isto farano a través dun colar cheo de corazóns nos que poderán ilustrar a súa labor na sociedade.



## OBRADOIRO DE BISUTERÍA CREATIVA

Colgantes, pulseiras, aneis...

Existen numerosas maneiras de introducir complementos no teu día a día.

Con este obradoiro, os nenos e nenas poderán deseñar os seus complementos empregando distintos abelorios, fuxindo de estereotipos de xénero. Coa guía dun monitor ou monitora poderán facer reais os seus deseños creativos.

Que complemento che gustaría empregar?



## OBRADOIRO DE SEMENTES POLA IGUALDADE

A través deste obradoiro, os nenos e nenas, empregando a metáfora da semente, poderán facer xerminar valores, actitudes ou accións para facer do mundo un lugar con máis igualdade.

Coa guía dun monitor ou monitora, personalizarán un bote como maceta, sementarán na terra unha semente e logo, introducirán nela mensaxes para lograr igualdade.



## OBRADOIRO DE XOGUETES NON SEXISTAS



Ao longo deste obradoiro, os nenos e nenas poderán elaborar un xoguete que fuxa de sexismos e estereotipos de xénero.

Tambores grandes con latas, tambores pequenos con recipientes de iogur, xogos de memoria con chapas...

Unha gran variedade de xoguets agardan por ti!

## OBRADOIRO DE CHAVES PARA LOGRAR A IGUALDADE

Este obradoiro ten como fin que os nenos e nenas coas pautas dun monitor ou monitora realicen unha representación creativa do que para eles e elas serían as chaves para erradicar desigualdades.

Axudándose da súa capacidade reflexiva e materiais naturais como paus de madeira e outros decorativos, poderán personalizar as súas propias chave introducindo nelas palabras ou debuxos representativos do seu pensamento ao respecto.



## OBRADOIRO DE DOCES PARA A IGUALDADE

Tendo como referencia os ingredientes dunha receita, con este obradoiro, a cativada poderá elaborar unha receita para a igualdade empregando material de refugallo como rolos de papel. Dentro deles, introducirán palabras, frases ou debuxos sobre os ingredientes necesarios para eliminar desigualdades e logo personalizarán a receita con elementos decorativos.



# ESPECTÁCULOS PROPIOS

Na historia da Música, existiron numerosas artistas femininas que marcaron o panorama musical.

Tendo algunhas delas como referentes, ofrecemos un espectáculo musical co que poder darlles voz e valorar aínda máis a súa pegada.

## BLACK: VOCES DE MULLER

Con este espectáculo musical, Black fai un percorrido narrativo e musical pola vida de numerosas artistas femininas que marcaron un antes e un despois no panorama musical.

Con anacos de experiencias propias das artistas, momentos chave das súas vidas e, por suposto, das súas cancións máis recoñecidas, ofrécese un espectáculo para disfrutar, pero tamén para empoderar a todas esas figuras femininas que, en moitos casos, non foron o suficientemente valoradas e recoñecidas.



MÁIS INFO.

[WWW.BLACKGALICIA.COM](http://WWW.BLACKGALICIA.COM)

# ESPECTÁCULOS

## BIG LADIES



*The Big Ladies* é un repertorio de clásicos, contado e cantado a medio camiño entre a divulgación (descubriendo o anecdotario máis insólito dos temas máis populares e os seus intérpretes) e o directo íntimo e atmosférico dos mellores clubs de jazz.

Marian Ledesma aporta a súa voz, para que elas falen, e conta coa colaboración de experimentados músicos do xénero que se suman ao proxecto para enriquecelo.

Deste xeito Marian ofrece un percorrido pola historia do jazz e do blues a través do seu repertorio e das divas que lle deron a eternidade na nosa memoria.

## FEMININO PLURAL

*FEMININO PLURAL* xorde da necesidade de amosar o importante percorrido de diversas mulleres autoras no transcurso da historia da humanidade. Quixeron para iso trazar/construír un camiño cheo de historias tanto contadas como cantadas, onde se puidera reflectir en pequenas cápsulas musicais a pegada indeleble das autoras que conforman un inmenso e necesario patrimonio universal.

A súa intención é dar visibilidade e relevancia absoluta á figura da muller autora, que moitas veces permaneceu nun segundo plano.



# A CALIDADE PREOCÚPANOS MOITO E POR ISO



## CONTACTA CON NOS

[info@totemgestion.com](mailto:info@totemgestion.com)

[www.totemgestion.com](http://www.totemgestion.com)